

Resolución reitoral do 24 de outubro de 2023, pola que se modifica a resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto (modificada por Resolución reitoral do 09-06-2023).

Faltando algo máis de dous meses para o período de nadal 2023-2024, e constatando que na “Resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto”, faise referencia a anualidades concretas:

“2.1 Peche de centros, edificios e instalacións universitarias

a) Peche en decembro e xaneiro:

- *Desde o 26 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive*
- *7 de decembro de 2023”*

Debido a eficacia na aplicación das medidas previstas como consecuencia da implicación nos seus obxectivos de toda a comunidade universitaria, convén redactar este apartado de xeito que non obrigue a súa actualización periódica; en consecuencia,

RESOLVO modificar o apartado 2.1 da medida *“Segunda. Peche de centros e medidas que se van aplicar durante todo o ano”* da referida resolución, relativo a esta cuestión, que queda redactado como segue:

“2.1 Peche de centros, edificios e instalacións universitarias.

a) Peche en decembro e xaneiro:

- *Desde o 26 de decembro de cada ano ata o 6 de xaneiro da anualidade seguinte, ambos inclusive*
- *7 de decembro de 2023.”*

A presente resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Elaborarase un texto consolidado da presente resolución no prazo de un mes.

Código Seguro De Verificación	iHFgFr6l2/vf6udmLBFxpg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/10/2023 21:46:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iHFgFr6l2/vf6udmLBFxpg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

